



Concello de Xinzo de Limia

BANDO

D. AMADOR DIAZ PENIN, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

FAGO SABER:

Que no BOP Núm. 249 de 27 de decembro de 2024, publicouse *modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa provincial pola prestación do servizo intermunicipal delegado de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local, para os municipios que teñen delegada esta competencia, como é o caso do Municipio de Xinzo de Limia*

Entre as novidades destaca:

***Reducións da cota en vivendas:**

-Por compostaxe doméstica ou comunitaria (-30%): é preciso comunicalo a través dun modelo/formulario. No dito formulario hai que especificar a vivenda afectada, a ubicación do composteiro (tanto recibido pola administración como mercado, como feito a man), fotografías do mesmo, así como unha autorización para que sexa inspeccionado, sempre que o demande a Deputación de Ourense

- Por uso do Punto Limpo (-10%): é preciso acudir dúas veces ó ano (ano anterior), ao punto limpo a depositar enseres voluminosos, e rexistrar ese depósito.

O modelo para o procedemento está dispoñible na páxina web da Deputación de Ourense, sede electrónica, todos os trámites, páxina 3 “solicitud de aplicación da taxa provincial reducida pola prestación do servizo intermunicipal delegado de recollida de residuos de competencia local.

A presentación realizarase nas dependencias da Deputación, nas oficinas do Concello e online, a través da sede electrónica da Deputación.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

